

MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U., no afán de lograr unha maior calidade nas diferentes áreas desenvoltas comprométese coa implantación dun sistema de xestión de calidade (SXC) acorde cos requisitos da norma UNE ISO 9001:2015. Establécese unha política de relación cos seus provedores baseada en compromisos, co fin de:

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos dos provedores co sistema de xestión de calidade (certificados).
- Cumprir co contrato de prestación de servizo e/ou produto
- Acadar a calidade, garantía e seguridade dos produtos ou servizos proporcionados.
- Cumprir cos termos contractuais acordados, condicións e prazos de entrega, forma e prazo de pago.

CRITERIOS DE INCLUSIÓN COMO PROVEDOR

Para a inclusión do provedor no listado de provedores de da nosa empresa deberá cumprir con algún dos seguintes criterios

- Superar máis de catro operacións comerciais ó ano.
- Superar os 3.000 € en operacións comerciais ó ano.
- Non superar mais de unha incidencia moi grave, dúas graves ou tres leves ao ano.
- Criterio económico e de calidade, para iso solicitarase dúas ofertas a diferentes provedores.
- Proximidade e temporalización.

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Durante todo o ano farase un seguimento rexistrando as incidencias, a avaliación será anual. Para a valoración do desempeño dos provedores terase en conta os seguintes criterios:

- Cumprimento do pactado.
- Cumprimento dos prazos.
- Capacidade de resposta ante as urxencias.
- Criterio económico.

Cada incidencia categorizarase como leve ou grave asignando un punto ou dous respectivamente na avaliación dos provedores, farase anualmente de acordo coas puntuacións derivadas das incidencias rexistradas.

AVALIACIÓN DAS INCIDENCIAS

FALTA LEVE	FALTA GRAVE	FALTA MOI GRAVE
1 PUNTO	2 PUNTOS	3 PUNTOS
Envío de compras fora do prazo marcado	Envío de produtos erróneos e envío de produtos en mal estado.	Non enviar os produtos ou executar o servizo

AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO DO SERVIZO

Sumaranse todas as puntuacións obtidas por incidencias durante o ano e valorarase o servizo segundo a seguinte táboa.

0 PUNTO	1-5 PUNTOS	MÁIS DE 5 PUNTOS
BO SERVIZO	SERVIZO REGULAR	SERVIZO MALO (valorar a súa continuación)

En caso de superar os **5 puntos** tomaranse as accións correctivas que se consideren oportunas así como abrir non conformidades que se estimen convenientes

MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.U., promove o cumprimento destes principios entre os seus provedores, absténdose de traballar con aqueles provedores dos que teña coñecemento que incumprisen algún dos criterios recolleitos nesta política.

Data de aprobación: 15 de decembro do 2025



Xerencia